

María Belén Fernández Durán, secretaria da Comisión de valoración convocatoria de Axudas INCUVI-AVANZA curso 2024/2025,

CERTIFICA:

Que na sesión da citada comisión que tivo lugar o 7 de abril de 2025, co obxecto de resposta á alegación presentado por Leonardo Valdez Obando, en relación coa resolución provisional de proxectos seleccionados, publicada o día 17 de marzo de 2025, aprobouse o seguinte acordo:

Manter a cualificación outorgada inicialmente ao proxecto, por considerala axustada aos criterios establecidos na convocatoria e coherente coa calidade e grao de maduración da proposta analizada.

1. Currículo dos membros do equipo

Neste criterio valorárase a experiencia multidisciplinar e os recursos e competencias dispoñibles para a maduración do proxecto, así como a base académica ou de coñecemento (científica, tecnolóxica ou outras) na que se apoia a proposta emprendedora.

Puntuación promedio alcanzada: 15,00 (± 3,00) / 20

Valorouse de maneira moi positiva a formación académica especializada dos membros do equipo, cun sólido perfil en dereito dixital e liderado institucional, así como unha experiencia profesional relevante no ámbito xurídico e regulatorio. Non obstante, aínda que a súa especialización é valiosa, a Comisión estimou que a falta de perfís complementarios podería representar unha carencia no desenvolvemento global do proxecto. Asemesmo, a comisión tamén tivo en conta que a o equipo non evidenciase experiencias previas directamente vinculadas á creación e desenvolvemento de proxectos empresariais ou iniciativas emprendedoras consolidadas, o que limitou a obtención dunha puntuación máxima neste apartado.

2.1 Innovación

Valorouse o grao de innovación da proposta, tanto no produto ou servizo ofrecido como no enfoque metodolóxico, tecnolóxico ou no modelo de negocio. Tívoise en conta o carácter diferencial fronte a solucións xa existentes e a súa capacidade para dar resposta a necesidades emerxentes.

Puntuación media alcanzada: 5,36 (± 1,70)/10

Recoñeceuse como un punto favorable o feito de que o proxecto se sitúe nun sector emerxente como é o dereito da intelixencia artificial, cun enfoque especializado pouco común no mercado. Con todo, a Comisión estimou que non se identificaron claramente elementos que permitan distinguir a proposta como unha innovación respecto a servizos similares existentes, nin se evidenciaron aspectos técnicos ou metodolóxicos que amosen un carácter diferencial sólido.

2.2. Viabilidade do proxecto

Valorouse a capacidade do proxecto para poñerse en marcha de maneira efectiva, considerando aspectos como a planificación, a estrutura operativa, a sostibilidade económica e a preparación técnica do equipo.

Puntuación media alcanzada: 16,07 (± 3,00) / 25

A comisión valorou moi positivamente que a proposta se basee en coñecementos profesionais propios e nun modelo de servizo de baixa complexidade técnica, o que facilita a súa execución inicial. Porén, se penalizou o feiro de que non se observasen referencias específicas a planificación estratéxica, escenarios

de lanzamento ou estrutura operativa mínima que permitisen avaliar unha implementación efectiva nun prazo curto, o que limitou significativamente a puntuación neste criterio.

2.3. Internacionalización

Tívoise en conta o potencial de expansión internacional do proxecto, a experiencia previa do equipo en contextos internacionais e a existencia de contactos, redes ou estratexias orientadas a operar fóra do ámbito galego ou estatal.

Puntuación media alcanzada: 2,68 ($\pm 1,00$) / 5

A proposta presenta un enfoque con potencial internacional, especialmente polo perfil dos promotores, que contan con formación e experiencia en sistemas xurídicos de distintos países. Así mesmo, identificouse a intención de estender a actividade da consultora ao ámbito latinoamericano, aproveitando redes previas. Porén, a Comisión non identificou unha estratexia de internacionalización clara na

proposta, nin evidencias de accións ou contactos consolidados que sustentasen esa orientación no curto prazo.

2.4. Relevancia

Valorouse a adecuación da proposta aos retos sociais, económicos ou tecnolóxicos actuais, así como a súa contribución potencial ao desenvolvemento de sectores estratéxicos para Galicia.

Puntuación alcanzada: 6,07 ($\pm 1,00$) / 10

A Comisión considerou relevante o enfoque temático do proxecto, centrado na regulación dixital e o dereito da intelixencia artificial, en liña cos retos actuais da sociedade dixital. Sen embargo, estimou que a candidatura non desenvolveu con precisión a súa conexión con sectores estratéxicos identificables no tecido económico galego, nin o seu impacto directo en ámbitos ou colectivos concretos.

3. Acelerabilidade e escalabilidade

Valorouse a capacidade do proxecto para evolucionar rapidamente e medrar, tanto a nivel operativo como de mercado. Tívoise en conta se o modelo era susceptible de ser acelerado no marco temporal do programa e replicado noutros contextos.

Puntuación alcanzada: 7,50 ($\pm 2,00$) / 15

A Comisión valorou positivamente o feito de que a iniciativa empresarial sexa un proxecto tecnolóxico de servizo profesional, cun formato potencialmente escalable e replicable en distintos contextos. Con todo, na solicitude, os promotores non identificaron as etapas de desenvolvemento previstas nin indicadores que permitan avaliar o ritmo ou viabilidade real dunha aceleración a curto prazo.

4. Presentación

Valorouse a capacidade do vídeo para presentar de maneira clara e estruturada o proxecto, así como a calidade expositiva, impacto visual, e a resposta ás cuestións formuladas pola comisión.

Puntuación alcanzada: 9,64 ($\pm 2,00$) / 15

A comisión valorou favorablemente a estrutura e orde na presentación dos contidos do proxecto. Tamén se apreciou a disposición do equipo para responder ás cuestións formuladas. Non obstante, penalizou a orixinalidade e claridade expositiva do vídeo, así como a pouca concreción nalgunhas das respostas ofrecidas, e non permitiron resolver con claridade aspectos fundamentais para a valoración técnica do proxecto.

Facendo unha análise global do conxunto de proxectos presentados nesta edición, a Comisión considera que a proposta avaliada, se ben presenta un enfoque temático de interese e potencial, atópase nunha fase menos avanzada de desenvolvemento con respecto ás candidaturas seleccionadas. A maioría dos proxectos beneficiarios contaban xa na súa fase inicial con prototipos operativos, produtos mínimos viables ou servizos definidos, así como con procesos de validación realizados con potenciais clientes. Esta diferenza no grao de madurez resultou determinante na valoración comparativa, condicionando a posición do proxecto na listaxe provisional e reforzando a decisión de manter a puntuación asignada.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínase este documento en Vigo na data da sinatura electrónica